

> > >
memoria
2023

25 años *Paralela* *creciendo juntos*



Saúdo > > >

O 2023 foi o ano do noso 25 aniversario. Xuntas celebramos aló polo mes de setembro, un encontro a través do cal xuntámonos compañeiras e compañeiros dos diferentes servizos e programas de ARELA para compartir un momento único, onde xente de diferentes puntos xeográficos coincidimos nun contexto de recoñecemento e de afecto compartido.

Os 25 anos quedarán gardados no noso recordo como a idade na que tivemos máis actividade en funcionamento. Tanto este como o anterior foi o ano das novidades; proxectos efémeros que, tan pronto chegaron como se nos foron, (**Proxecto FAIN, Familia e Infancia**) e outros que deron motivos para quedarse un pouco máis e crecer para o novo ano na compañía de entidades aliadas (**Espazos de Preservación Familiar**).

O 2023 foi o ano da afectividade consciente e de todo o que vivimos nas 6 **Casas de Familia** onde profundizamos na mellora do noso acompañamento no trauma, mellorando na proposta dos nosos espazos seguros, novos xeitos de facer supervisión de casos... que durante cada unha das partes que contemplou este proceso estivo acompañado por profesionais da Consultoría Espirales.

O 2023 deunos novos contextos de relación coa Xunta de Galicia a través dos novos concertos sociais que entraron en vixencia nos últimos momentos do ano para os **Centros de Día de Atención Integral (CADI)** e no **Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (CIEMA)**. Non foi así o ano das novidades cas condicións do acollemento residencial, onde comprobamos como non se levou a cabo a renovación das súas condicións tal e como o sector demandaba. Estas expectativas non cumpridas enfilaron xa o novo inicio de ano con alto nivel de reivindicación de cara a melloras urxentes no servizo.

Este 2023 trouxo tamén moita demanda das actividades do programa **Ktorce18**, quedando centros educativos fora desta nova convocatoria froito do seu interese e trouxo novas convivencias e experiencias dentro do programa **CONVIVE.COMigo**. O **CaixaProinfancia** seguiu neste 2023 facilitando procesos de acompañamento e de crecemento a moitas familias, nenos, nenas e adolescentes de Vigo e Compostela e constatou o noso bo facer na coordinación xeral do territorio de Galicia, Asturias e Santander.

O 2023 foi o ano da benvinda e despedida a moitas e moitos compañeiras e compañeiros de ARELA. Un ano no que chegamos a estar traballando á vez máis de 140 persoas.

Neste ano, que deixamos, seguimos aprendendo dos moitos nenos, nenas e adolescentes que conviviron, asistiron, aproveitaron e utilizaron cada un dos nosos recursos. Mellorar a súa situación segue motivando o noso traballo diario.

Con este documento presentamos os principais datos e liñas de actuación da Asociación ARELA no 2023. A través dunha ollada a esta Memoria podeades facervos unha idea de todo o traballo que hai detrás de cada unha das persoas que atendemos. Esperamos que sexa do voso agrado.

Julio Barreiro González
Director Asociación ARELA





> A Asociación ARELA

> Quen somos?

En 1998 un grupo de profesionais da educación social, do traballo social, da psicoloxía, da pedagogía,crean a Asociación ARELA.

Somos unha asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, segundo se recolle no DOG do 22 de maio de 2018.

> Misión

A nosa MISIÓN é o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en risco de exclusión, en situación de desprotección ou en conflito social, fomentando iniciativas de intervención e prevención nestas situacións, de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

> Valores

ARELA asume o **COMPROMISO** coa infancia e a mocidade desprotexida e/ou en conflito social, a través dos seguintes valores:

- Fomento de **INICIATIVAS** que se adapten ás novas necesidades detectadas.
- Intervención **INDIVIDUALIZADA** baseada na **FLEXIBILIDADE** e na **AUSENCIA DE PREXUÍZOS**.
- **RESPECTO** e **CONFIANZA PERMANENTE** nas posibilidades e potencialidades dos nenos e nenas, adolescentes e mocidade
- **PROFESIONALIDADE** cun estilo de intervención baseado no **TRABALLO EN EQUIPO**, a **COLABORACIÓN EN REDE**, a **FORMACIÓN CONTINUA** e a **EFICIENCIA**.
- **CALIDADE**, **TRANSPARENCIA** e **MELLORA CONTINUA** na xestión.
- **IMPLICACIÓN** e **PARTICIPACIÓN** dos membros da entidade na toma de decisións.
- **CONCIENCIACIÓN** da sociedade da situación da infancia e a mocidade desprotexidas e/ou en conflito social a través da **PRESENZA** e **IMPACTO**.

> Os órganos de goberno

> a asemblea de socios e socias

No ano 2023 na Asociación ARELA celebamos 2 asembleas xerais ordinarias e 1 asemblea xeral extraordinaria de socios e socias.

A **Asociación ARELA** tivo, no ano 2023, 39 socios e socias.

> a xunta directiva

Dende abril de 2023, a xunta directiva de **ARELA** está formada polos seguintes socios e socias:



PRESIDENTA:

Sonia López Fernández

TESOUREIRA:

Patricia Varela Guntín

SECRETARIA:

María Méndez Botana

VOGAIS:

María Carmen Borrajo Díaz

Carlos Fernández Pedrós

> o equipo directivo

O equipo directivo de **ARELA** encárgase da coordinación dos diferentes servizos, programas e áreas de traballo da entidade. Está formado polas seguintes persoas:

DIRECTOR: Julio Barreiro González.

COORDINADORA ÁREA DE PROTECCIÓN: Iria Fernandez Méndez.

COORDINADORA ÁREA DE CONFLITO SOCIAL: Ana Pérez Figueroa.

RESPONSABLE DE XESTIÓN: María Marcote Márquez.

> O equipo humano

> a intervención profesional en ARELA

A intervención dos profesionais de ARELA fundaméntase nos seguintes principios:

- Intervención **INDIVIDUALIZADA** baseada na **FLEXIBILIDADE** e na **AUSENCIA DE PREXUÍZOS**.
- **RESPECTO** e **CONFIANZA PERMANENTE** nas posibilidades e potencialidades dos nenos e nenas, adolescentes e mozos e mozas.
- Estilo de intervención baseado no **TRABALLO EN EQUIPO**, a **COLABORACIÓN EN REDE**, a **FORMACIÓN CONTINUA** e a **EFICIENCIA**.

> o equipo de profesionais



O equipo de profesionais de ARELA en 2023 estivo formado por unha media de **129** persoas. No 2023 ARELA alcanzou o maior número de profesionais contratados da súa historia. A finais de ano, coa finalización dalgúns dos proxectos da entidade, retomamos os niveis de 2021.



> a formación do equipo profesional en 2023

Nos últimos anos, especialmente dende a pandemia, ARELA percibe que os nenos, nenas e adolescentes que chegan aos nosos recursos están especialmente danados emocionalmente. A maiores percibíamos unha necesidade de cambios metodolóxicos nos equipos educativos que axudasen a mellorar a nosa intervención. Con esta necesidade, contactamos coa **Consultoría Espirales** quen propuxo un proceso de acompañamento baixo o título **“A MIRADA CONSCIENTE EN CENTROS DE PROTECCIÓN PARA NENOS, NENAS E ADOLESCENTES”** que ofrece un modelo de atención cun claro enfoque nos dereitos do neno, nena ou adolescente, na psicoloxía do vínculo e do trauma. Para o cal requírese de dúas condicións necesarias para a súa implementación:

1. A xeración de contornas seguras e protectoras que posibiliten o desenvolvemento pleno aos nenos, nenas e adolescentes que viven en centros de protección ou que participan en programas de intervención psicosocial e educativa.
2. A afectividade consciente como a competencia profesional necesaria para crear as devanditas contornas.

Para levar a cabo esta formación contamos con Javier Romeo Biedma e Toni Echeverría Cañabate baixo a coordinación de Pepa Horno Goicoechea. A formación extendéuse durante un ano e estivo dividida en 7 fases/sesións ben diferenciadas


O acompañamento da Consultoría Espirales rematou en novembro de 2023 pero, esta nova mirada que aplicamos no día a día, está incorporada na nosa intervención.

A formación, enmarcada dentro do proxecto “Creación dun modelo de intervención protector baseado nas psicoloxías do vínculo e o trauma” foi financiado pola Fundación la Caixa, VEGALSA e fondos propios de ARELA.



ARELA en 2023

Galicia



Asturias*



*Incorpórase Gijón en outubro de 2023

Cantabria *



*Ata setembro de 2023



Servicio de Casas de Familia

82 nenos, nenas e adolescentes atendidos



Servicio de Centros de atención de día integral

29 nenos, nenas e adolescentes atendidos



Servicio de centros de intervención educativa en medio abierto

207 adolescentes, mozos e mozas atendidos



2079 alumnos e alumnas e 210 mestres e mestras

CaixaProinfancia

Coordinación local

219 nenos, nenas e adolescentes atendidos
122 familias



Proyecto FAIN

694 familias



Espazos de preservación familiar

235 nenos, nenas e adolescentes
147 familias



Convive.com.igo

5 grupos familiares activos en 2023



> Casas de familia

> Que son?

Son pisos ou vivendas unifamiliares nas que conviven, en atención residencial, 8 nenos, nenas, adolescentes, mozos ou mozas con 7 ou 8 educadoras e educadores.

Son un fogar de paso para tratar de intervir e acompañar nas dificultades que presentan. Mentres trabállase coas familias para superar as situacións que provocaron a saída do neno, nena, adolescente e/ou mozo ou moza, ou ben, se isto non é posible, se traballa para a consecución dun recurso familiar alternativo (acollemento ou adopción) ou vida autónoma.

ARELA conta con 6 casas de familia en toda Galicia: 2 en Vigo, 1 en Santiago de Compostela, 1 en Allariz, 1 en O Barco de Valdeorras e 1 en Monforte de Lemos.

> Misión

Favorecemos a integración familiar e social dos nenos, nenas e adolescentes, en desprotección familiar, mediante unha intervención educativa, integral e individualizada; enmarcada nun clima acolledor, de afecto e respecto, traballando en rede cos axentes sociais implicados.

> Datos do servizo de casas de familia en 2023

A continuación recolleemos os datos máis salientables do servizo de casas de familia de **ARELA** en 2023.

as casas de familia en 2023



> nenos, nenas e adolescentes atendidos/as

83
nenos, nenas e
adolescentes
atendidos

35



48



nivel de ocupación media das casas de familia de ARELA: >100%

> análise das baixas: número, motivos,...

27
nenos, nenas e
adolescentes
baixa en 2023



678
días de estancia
media das
baixas

> satisfacción co servizo



> financiamento

O servizo de casas de familia é posible grazas á Consellería de Política Social e Xuventude.



> Centros de día

> Que son?

Os Centros de Atención de Día Integral son recursos a través dos que se leva a cabo unha intervención educativa con nenos ou nenas e adolescentes con dificultades socio-familiares, intentando acadar os cambios precisos para normalizar a convivencia familiar.

Ademais da intervención cos nenos e nenas, o pilar fundamental do servizo é a intervención coas familias; xa que soamente os cambios en todo o contexto familiar van a procurar cambios substanciais que permanezan no tempo e así, se poidan eliminar e/ou minimizar os factores de risco que motivaron a medida de atención de día. Intervención que se fai a través dun Programa de Intervención Familiar.

> Misión

Normalizamos a convivencia familiar de nenos, nenas e adolescentes con dificultades socio-familiares, para que, a través da intervención educativa, integral e individualizada, en rede, con outros profesionais, dentro do seu entorno, se acaden os cambios precisos.

> Datos do servizo de centros de día en 2023

A continuación recolleemos os datos máis salientables do servizo de centros de atención de día integral de ARELA en 2023.

os centros de día en 2023

> nenos, nenas e adolescentes atendidos/as



> análise das baixas: número, motivos,...



> satisfacción co servizo



> financiamento

O servizo de centros de día é posible grazas á Consellería de Política Social.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE



> CIEMA. Medio aberto

> Que é?

O CIEMA é un servizo para adolescentes e mocidade en conflito social, destinado ao cumprimento de medidas xudiciais en medio aberto e de reparacións extraxudiciais. Réxense pola Lei 5/2000 de responsabilidade penal dos menores.

As medidas susceptíbeis de ser executadas no CIEMA ARELA son as seguintes: Tratamento ambulatorio, Asistencia a un centro de día, Liberdade vixiada, Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, Prestacións en beneficio da comunidade, Tarefas socioeducativas, Permanencias de fin de semana no domicilio. Reparacións extraxudiciais derivadas polos Equipos Técnicos do Xulgado de Menores de Pontevedra (dende o 2014).

> Misión

O fomento de maiores niveis de responsabilidade, autonomía persoal e a non reincidencia, mediante a intervención educativa, integral e individualizada, con adolescentes, mozos e mozas en conflito social, contando coa cooperación de todos os axentes sociais e da familia.



> Datos do CIEMA en 2023

A continuación recolleemos os datos máis salientables do CIEMA ARELA no 2023, nos dous equipamentos que xestiona ARELA en Vigo e Pontevedra.

o CIEMA en 2023

> adolescentes e mozos e mozas atendidos/as

207
adolescentes
mozos e
mozas
atendidos



> medidas xudiciais executadas

250
medidas
executadas
en 2023

183 medidas
xudiciais

67 medidas
extraxudiciais



> nivel de reincidencia

10.7%
reincidencia
en medidas
xudiciais

1.5%
reincidencia
en medidas
extraxudiciais

> satisfacción co servizo

4,81/5
satisfacción
medidas
xudiciais

4,76/5
satisfacción
medidas
extraxudiciais

> financiamento



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE



> KTORCE18

> Que é?

O programa **KTORCE18** é unha oferta preventiva, dirixida aos centros educativos de Galicia que abarca os retos de, por unha banda, reflexionar sobre as condutas infractoras cometidas na adolescencia e, por outra banda, sensibilizar sobre o acoso escolar e maltrato nas aulas". O Programa, realizado en colaboración coa Fundación BARRIÉ consiste nunha serie de obradoiros ofertados ao alumnado da ESO e das FPB da comunidade galega. Cada ano ofértanse unha serie de obradoiros por provincias que se asignan por orde de inscrición, resultando durante o curso 2022-2023 un total de 87 actividades, sendo a demanda actual moi alta.

> Misión

Ofrecer formación e información veraz á poboación adolescente de Galicia sobre a Lei do Menor e a prevención do acoso, promovendo a reflexión e a actitude crítica de cara á mellora da convivencia.

> Datos do programa no curso 2022-2023


A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa KTORCE18 de prevención de condutas infractoras de **ARELA** e a **Fundación BARRIÉ** no curso 2022-2023.

o programa KTORCE18. Curso 22-23

> participantes


2079
alumnos e
alumnas

210
mestres e
mestras




> accións realizadas (charlas e obradoiros)




49
centros
educativos



87
charlas
realizadas



> satisfacción co servizo



> financiamento

O Programa KTORCE18 é posible grazas ao financiamento da **Fundación BARRIÉ**.

Fundación Barrié



> CONVIVE.COMigo

> Que é?

O programa **CONVIVE.COMigo** traballou durante o 2023 na provincia de Pontevedra a través dun novo convenio asinado entre ARELA e a Consellería de Política Social.

> Misión

A misión do programa **CONVIVE.COMigo** é a captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con adolescentes que teñan que cumprir coa Medida de Convivencia con persoa ou familia, en entornos positivos e diferentes aos que teñen na actualidade.

> Como contactar?

Para obter máis información sobre o programa **CONVIVE.COMigo** pódense utilizar os seguintes medios:

- Enderezo electrónico: convive@arela.org
- Teléfono: 604 038 672

> Datos do servizo en 2023

A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa **CONVIVE.COMigo** en 2023.

O Convive COM.igo en 2023

> participantes

5
grupos
familiares
activos en
2023

2
medidas de
convivencia
executadas
en 2023

Presentes en 4
concellos en 2023

- Cangas
- Padrón
- Vigo
- A Estrada

> reunións con concellos e colectivos



No ano 2023, realizáronse diferentes accións e difusión do Programa **CONVIVE.COMigo** a través da colaboración de entidades do tecido social como: Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, Colexios Profesionais (CEESG, COTSG, psicoloxía), MANAIA, etc. así como con concellos da provincia; nas que se promove o acollemento familiar e a sensibilización cara os/as adolescentes que teñen que cumprir medidas xudicias.

O programa contempla varias reunións e comunicación continua co Xulgado de Menores (equipo técnico, fiscalía e xuíza de menores) de cara a valorar propostas de derivación ou consultas sobre dispoñibilidade das familias do programa.

> financiamento

O programa **CONVIVE COM.igo** é posible grazas á Consellería de Política Social.



CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE



CaixaProinfancia

> CaixaProinfancia

> Que é?

Loitamos contra a pobreza infantil a través da promoción socioeducativa integral, realizando acción social cunha intervención directa coas familias, nenos, nenas e adolescentes; e coordinando todas as accións establecendo un modelo de traballo en rede cos profesionais dos diferentes ámbitos e as entidades sociais do territorio nas cidades de Vigo e Santiago.

En 2020 asumimos, a Coordinación Territorial do Programa en Galicia, Asturias e Cantabria. Acompañamos a máis de 35 entidades sociais, coordinadas localmente por Fundación Meniños (Pontevedra), Fundación Juan Soñador (Lugo, Ourense e A Coruña), Asociación Dignidad (Ferrol), Asociación ARELA (Vigo e Compostela), Asociación Cultural Norte Joven de Mieres (Mieres), Asociación Cantabria Acoge (Santander). Esta coordinación permitiu manter nos nove redes o modelo compartido de colaboración entre axentes público-privados e establecer sinerxias que enriquezan a acción social coas persoas. En outubro de 2023, comézase a acompañar un novo programa en Gijón (Asturias) coordinado pola Asociación Cuantayá; e dende este momento, non se continúa coordinando Cantabria.

O programa é impulsado, acompañado e financiado pola Fundación "la Caixa".  [Fundación "la Caixa"](#)

> Misión

Traballamos para romper o círculo da pobreza hereditaria que se transmite de pais / nais a fillos / fillas, apoiando ás familias e ofrecendo diferentes servizos socioeducativos e terapéuticos, para elas e para os seus fillos e fillas, mellorando así os procesos de integración social, escolar, a autonomía e o empoderamento.

> Datos do servizo en 2023

A continuación recolleemos os datos máis salientables do programa [CaixaProinfancia](#) en 2023.

o CaixaProinfancia en 2023

> Coordinación local: Vigo e Santiago

219

nenos, nenas
adolescentes
atendidos

> **119**
Vigo

> **100**
Santiago

122


familias
atendidas

> **68**
Vigo

> **54**
Santiago

> **accións realizadas**
Compostela

nenos, nenas e adolescentes




familias



Vigo

nenos, nenas e adolescentes



familias



> **Coordinación territorial**

Na Coordinación Territorial (Galicia, Asturias e Cantabria) asumimos novos retos a través de grupos de traballo, encontros interredes e co traballo nos distintos territorios.

Realizamos visitas aos territorios, combinada con reunións de coordinación mensuais telemáticas.

> **Vidas contadas**

Fundación “la Caixa”, seleccionou 14 historias de esforzo, esperanza e superación para por de relevo a capacidade transformadora dos proxectos sociais da entidade.

Estas historias recóllense no proxecto “Vidas Contadas” no que participa unha familia de CaixaProinfancia Vigo.



> Espazos de preservación familiar

> Que son? meniños

No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU e promovido pola Consellería de Política da Xunta de Galicia; a Fundación MENIÑOS e a Asociación ARELA puxemos en funcionamento o proxecto: Espazos de Preservación Familiar, nas comarcas de O Barbanza e O Salnes (e en concreto nas localidades de Ribeira e A Pobra do Caramiñal e Vilagarcía).

É un proxecto piloto de innovación en servizos sociais, centrado no apoio integral psico-socio-educativo e terapéutico á infancia, a adolescencia e ás familias en situación de vulnerabilidade social.

Está dirixido a familias con nenos, nenas e adolescentes entre 0 e 18 anos en situación de risco e/ou desprotección leve e moderada que perxudica e bloquea o seu desenvolvemento persoal e social, co obxectivo de previr, conter e revertir a evolución do deterioro das situacións familiares.

> Misión

Proporcionar un espazo de segunda oportunidade para que as familias, cos apoios e recursos axeitados, poidan recuperar e adquirir competencias para a asunción responsable da crianza. Evitar a separación dos fillos e fillas das súas familias rematando coa situación de vulnerabilidade, a fin de previr a súa reaparición.

> Datos do servizo en 2023


A continuación recolleemos os datos máis salientables dos Espazos de Preservación Familiar en 2023

espazos preservación familiar en 2023

> espazo de preservación do *Salnés* (Vilagarcía)

74
familias
atendidas
en 2023

125
nenos, nenas
e
adolescents




> Atendidas familias de A illa de Arousa, Caldas de Reis, Cambados, Cuntis, Meaño, Padrón, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Valga, Vilagarcía e Vilanova de Arousa

> espazo de preservación do *Barbanza* (A Pobra)

73
familias
atendidas
en 2023

111
nenos, nenas
e
adolescents



> Atendidas familias de A Pobra do Caramiñal, Boiro, Dodro, Rianxo, Ribeira e Rois

> financiamento



> proxecto FAIN

> Que é?

O Proxecto Piloto de Pobreza Infantil, Proxecto FAIN (Familia e Infancia), desenvolvémolo dende ARELA nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela dende outubro de 2022 ata outubro de 2023.

Foi conveniado coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia coa financiación enmarcada no Real Decreto 938/2021, do 26 de outubro, no que se regula a concesión directa de subvencións do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones no ámbito da inclusión social, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-fondos NextGenerationEU-.

O proxecto está dirixido a familias con nenos, nenas e adolescentes ata 18 anos que perciben o Ingreso Mínimo Vital ou a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) e tamén a outras familias en situación de vulnerabilidade nalgunhas zonas rurais de Galicia.

> Misión

O obxectivo do Proxecto FAIN é ofrecer servizos e apoios adaptados ás necesidades das familias receptoras de RISGA ou do Ingreso Mínimo Vital e outras familias con necesidades similares (apoio social, educativo e para a formación e o emprego). Ademais, pretende extraer aprendizaxes para mellorar a calidade de vida das persoas.

> Datos do proxecto en 2023

A continuación recolleemos os datos máis salientables do [Proxecto FAIN](#) en 2023.

o proxecto FAIN en 2023

> Vigo

Grupo inicial

650 familias | > 358. Grupo control
| > 292. Grupo tratamento

Grupo final

545 familias | > 302. Grupo control
| > 243. Grupo tratamento

346 nenos/as

> Santiago de Compostela

Grupo inicial

169 familias | > 93. Grupo control
| > 76. Grupo tratamento

Grupo final

150 familias | > 81. Grupo control
| > 69. Grupo tratamento

115 nenos/as

> servizos e axudas

servizos

- Reforzo educativo
- Grupos de educación non formal
- Acción participación comunitaria
- Competencias dixitais
- Competencias parentais
- Saúde e coidados
- Orientación na vivenda
- Orientación laboral
- Competencias de emprego
- Competencias profesionais

853
persoas
participantes
nps servizos
en 2023

axudas económicas

- Actividades educativas non formais
- Gastos sanitarios
- Pago vivenda
- Reparación de vivenda
- Pago de suministros
- Conectividade
- Material escolar
- Conciliación

963
persoas
participantes
nos servizos
en 2023

> puntos de intervención

> Vigo: 16 espazos en 3 barrios: Coia, centro e Calvario

> Santiago de Compostela: 8 espazos

A collage of business charts and a laptop keyboard. The charts include a bar chart with four series (Product 1-4) across months (June-September), a line chart with five series (Product 1-5) over time, and two pie charts. One pie chart shows segments of 24%, 21%, 22%, and 24%. The other pie chart shows segments of 21%, 11%, and 21%. A laptop keyboard is visible in the top right corner.

> xestión en ARELA

> Incidencia

A Asociación ARELA traballa ano tras ano visibilizando a situación da infancia, adolescencia e mocidade en Galicia e facendo incidencia sobre as necesidades detectadas. Para a consecución deste obxectivo estamos integrados en redes como a EAPN Galicia ou a Plataforma de Infancia de Galicia.

> Comunicación externa

A difusión dos proxectos da entidade e o posicionamento ante os debates da actualidade informativa permitíronnos facer escoitar a nosa voz ante a sociedade a través de diferentes canles de comunicación.

> Transparencia

Para a Asociación ARELA un dos valores fundamentais é a transparencia na xestión dos recursos que nos permiten desenvolver os servizos e programas da entidade.

> Financiamento e colaboracións

O traballo a prol da infancia e adolescencia en situación de desprotección e/ou conflito social da Asociación ARELA non sería posible sen o financiamento e a colaboración.

Incidencia

A Asociación ARELA forma parte de diferentes plataformas de traballo en rede, a través das que fomentamos a incidencia e a coordinación para mellorar a calidade de vida da infancia de Galicia e as súas familias.

> Plataforma de organizacións de infancia de Galicia



A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG), é una plataforma territorial enmarcada no marco xeral de acción da Plataforma da Infancia estatal. A POIG ten a misión de agrupar os esforzos das entidades que traballan no ámbito da infancia e de crear un espazo de coordinación que defenda, promova e protexa os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno no territorio galego. É unha asociación conformada por máis de 38 entidades da comunidade no 2023.

Durante o 2023 traballamos sobre todo nas Comisións de Incidencia Política e Protección.

ARELA forma parte desta organización dende o 2018, como entidade constituínte.

> EAPN Galicia. Rede galega contra a pobreza



EAPN Galicia é unha organización non lucrativa e de acción social que reúne ás organizacións autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos dos colectivos en risco e da súa participación comunitaria plena. Actualmente, componse de 152 ONG a través de 30 entidades membro representativas de colectivos vulnerables, que conectan en rede os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, para canalizar e dar voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

ARELA forma parte desta organización dende o 2014

Comunicación externa

A defensa dos dereitos dos nenos e nenas, o posicionamento en temas de interese ou a difusión dos servizos, programas e accións da entidade, centran a estratexia de comunicación de ARELA.

> Aparicións en medios de comunicación



Arela educa contra el acoso escolar en Mos

LA RIXA

10/07/2023



Más de 120 alumnos de segundo de ESO reciben formación contra el bullying

10 abr 2023 · Actualizado a las 05:00 h.

Comentar 0

El Concello de Mos, a través de la asociación Arela, imparte en el Instituto de Educación Secundaria de Mos una actividad de prevención del acoso escolar y el bullying. Esta actividad está incluída en la programación municipal de los centros educativos, dentro del horario escolar y va dirixida al alumnado de 2º de la ESO.

12 entidades del barrio se juntan para mejorar la vida de sus usuarios con proyectos comunes

08 jul 2023 · Actualizado a las 05:00 h.

Comentar 0

El barrio de O Calvario es el hogar de varias asociaciones solidarias que trabajan cada día por mejorar la vida de miles de personas en riesgo de exclusión de Vigo y su área. Durante las últimas décadas, entidades como **Down Vigo**, **Afaga Alzheimer**, **Asociación Erqueto**, **Arela**, **Secretariado Gitano**, **Igualarte**, **Parkinson Vigo** y **Asem** se han establecido en distintas zonas del barrio para poner en marcha sus proyectos. Personas con adicciones, con diversidad intelectual, mayores con parkinson o alzhéimer y de colectivos minorizados, pasan parte de sus vidas por el barrio y conviven con los vecinos en zonas comunes como el centro social **Rivera Atienza**, la biblioteca **Xosé Neira Vilas** y el **Centro Municipal de Benestar Social Rivera Atienza**.

¿Que será a nosa sociedade dentro de varias décadas ten que ver coa xuventude que foxe se está formando. Que esta xuventude dispoña de todos os recursos necesarios para desenvolverse plenamente e que interiorice os valores éticos que deben rexer a vida en común é unha cuestión central para o noso futuro como sociedade. Nisto lévase traballando xa máis de 25 anos na Asociación Arela.



Transparencia

> a importancia da transparencia

A dirección e os profesionais da **asociación ARELA** continuaron apostando no ano 2023 pola transparencia e o traballo de calidade en todos os servizos e programas da entidade.

> certificación de calidade ISO 9001:2015

Os servizos e programas da **asociación ARELA** están certificados na norma UNE EN ISO 9001. Como nos períodos anteriores, no ano 2023 a auditoría externa foi realizada por AENOR.



> auditoría externa de contas

No ano 2023 volvemos a auditar externamente as contas da Asociación ARELA. Máis información económica na web de ARELA en <https://arela.org/transparencia/>

Financiamento e colaboracións

> financiamento público



> financiamento privado




Fundación Barrié



> colaboradores







Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo
36205 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 986.212.537
arela@arela.org
www.arela.org

